

Convocatoria da Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade para o día 15 de decembro de 2022.

De conformidade co acordado polo Pleno da Deputación Provincial na sesión extraordinaria de organización do 16 de xullo de 2019, durante o mandato 2019-2023 a Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade, debe realizar sesión ordinaria os xoves da semana anterior á realización do Pleno ordinario de cada mes.

DISPOÑO:

Convocar a Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade en sesión **ordinaria**, para o **día 15 de decembro de 2022**, ás 18.00 horas, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa seguinte orde do día:

1. 2022/66G/CI NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL

Aprobación da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 17 de novembro de 2022.

2. 2022/15479P PRESIDENCIA

Ratificación da decisión de iniciar o expediente para o nomeamento de Fillo Predilecto da provincia, a título póstumo, de don José Luís Outeiriño Rodríguez.

3. 2022/1890Z PRESIDENCIA

Outorgamento do título honorífico de Fillo Predilecto da provincia de Ourense, a título póstumo, a don José Quiroga Suárez (Petín 1920-A Rúa 2006).

4. MOCIÓN DE URXENCIA.

5. ROGOS E PREGUNTAS.

Así o dispón e o asina a Presidencia da Comisión, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica deste documento. Dou fe.

